# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2019/5 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria |
| **Data** | 23 de maio de 2019 |
| **Duración** | Desde as 10:15 ata as 11:00 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 71865319W | Manuel Arango Ron | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 33803722R | Miguel Castrillón Fernández | SÍ |
| 76580879X | Rocío López García | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

### APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 26/04/2019.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Begoña González Pedregal (1 de 2)
Secretaria - Interventora
Fecha Firma: 24/05/2019
HASH: f60cf0272b006c4d74299ad98677b948

Rocío López García (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 24/05/2019
HASH: b080ad9e3af100bdb27d7e952d5bd093

Firmado por LOPEZ GARCIA ROCIO - 76580879X
Fecha: 24/05/2019 13:35:41 CEST

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior de data vinte e seis de abril do dous mil dezanove (26/04/2019), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 375/2018. LICENCIA URBANISTICA TERMINACIÓN EXTERIOR E REMATE DE VIVENDA D. MANUEL SEA EXPÓSITO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista solicitude de licencia formulada por D. MANUEL SEA EXPOSITO con NIF. Núm. 76531384B, con domicilio no lugar de Iglesia núm. 13, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá) con data 24/05/19 e núm. de rexistro de entrada 982 para a realización dos traballos consistentes en TERMINACIÓN EXTERIOR E REMATE DE VIVENDA DE PLANTA ALTA E BAIXA CON UN FRENTE Á VÍA PROVINCIAL LU-P-2801 DE 7 METROS POR 9.50 METROS DE FONDO situada a 3 metros do borde asfaltado de dita vía provincial, no lugar de Rigueira núm.9, na parcela núm. 2961 do Polígono 9 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, con Referencia Catastral 001900300PJ31B0001HE, situado no territorio histórico do Camiño de Santiago Norte, ruta da Costa, incluído no Decreto 158/2014 de 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación desta ruta xacobea, así como na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Igrexa (Sto. Tomé-Lourenzá), no km. 0+250 de LU-P-2801 de SANTO TOMÉ (LU-122) AUGAXOSA-MAZO (LU-124), marxe esquerda, segundo Memoria Técnica Valorada redactada por de data Maio/2018 redactada por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm.621 del COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 23/04/19 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Inclúese a pintura de fachadas en base ao informe de Patrimonio que deberá procederse ao pintado de fachadas ou ben á aplicación de mortero monocapa con acabado liso ou raspado e de colores tradicionais da zona.
- As obras realizaranse cumprindo as condicións que figuran na Resolución de Augas de Galicia de data 11/03/19 expte W27.63557 que se transcriben literalmente:

" "A) CONDICIÓNS XERAIS:

*1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.*

*2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.*

*3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.*

*4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.*

*5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.*

*6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.*

*7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as*

*servidumes legais.*

*8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.*

*B.-PARTICULARES:*

*1.-As obras consistirán no acabado e remate exterior da construcción existente con referencia catastral 001900300PJ31B0001HE,no lugar de Igrexa, na parroquia de Santo Tomé de Lourenzá, no Concello de Lourenzá (Lugo). Os traballos solicitados son os seguintes: cerramento dobre interior e illamento térmico, colocación de carpintería e cristalería, revestimento exterior de fachadas.*

*As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construido, sen que esta autorizaicón supoña a legalización da obra preexistente.*

*A construcción situase a unha distancia duns 24 metros medidos polo punto mais próximo, entre ela e a marxe esquerda dun rego innominado, na súa zona de policía de leitos.*

*2.- As obras non implicarán o cambio de uso nas construción.*

*3.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos, quedando en todo caso, expedita.*

*4.-  Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.*

*5.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas da vexetación da ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.*

*6.- Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras.*

*7.- Durante a execución das obras e unha vez rematadas as obras, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego)nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.    Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica do canle.*

*8.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de*

*produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable). De xeito especial prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón, cemento, morteiros, pinturas ou outros materiais empregados na construcción, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.*

*9.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima exixible ás augas continentais establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.*

*10.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, esta colocaranse fóra da zona de servidume de leitos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables; e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.*

*11.-Lémbraselle que , no caso de non estar a vivenda conectada a redes municipais de saneamento, se se producisen vertidos á rede hidrolóxica ( subterránea ou superficial) susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia.*

*Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento, lémbraselle que virá obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por disposición legal.*

*12.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente..*

*13.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando , etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*14.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido, deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.*

*15.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.”*

- As obras realizaranse cumprindo as condicións que figuran no punto 2.2 da Resolución emitida pola Consellería de Patrimonio da Xunta de Galicia, en data 4 de outubro de 2018, Expte. 201//1120 CNC, que se transcriben a continuación:

*“1.-As características estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes co contorno e coas edificacións tradicionais da zona.*

*2.- Na documentación achegada non se contempla o pintado das fachadas, deixando o morteiro de cemento como acabado exterior da edificación. Deberá executárase o pintado de fachadas ou ben a aplicación dun morteiro monocapa cun acabado liso ou raspado nunha cor de entre as tradicionais da zona ( cor branca ou tonalidades beige, ocres claras, por exemplo) co fin de manter as edificacións en condicións axeitadas de ornato o decoro. Pode pintarse o zócolo noutra cor diferente á fachada ( en tonalidades grises ou marróns, por exemplo). Non se considera axeitada a realización de zócolos , falsos esquinais o cercos con aplacados de pedra. Neste aspecto deberase consultar e aplicar a Guía de Cor e Materiais de Galicia, editada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.*

*3.- A porta de acceso principal á edificación e a carpintería exterior en xeral, terán un deseño sinxelo, sen ornamentos nin molduras.*

*4.- Non se empregarán vidros con billotes ou traveseiros.*

*5.- As persianas colocaranse polo interior, xa que non se consideran axeitadas as persianas exteriores por non ser a tipoloxía tradicional da zona.*

*6.- O portón situado na fachada principal terá , preferiblemente, unha cor de entre as tradicionais para este tipo de elementos ( cor marrón , por exemplo).*

*7.- De colocar novos canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán*

*seccións circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural, sen brillos, ou aluminio ou PVC lacados nunha cor que non destaque sobre a fachada.*

*8.- Durante as obras non se interromperá o paso dos peóns, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade."*

- As obras solicitadas refírense ao remate exterior da edificación e inclúen a construción dun peche de ladrillo de dúas follas con illamento e cámara de aire, modificación de ocos de ventás e portas e colocación de carpintería exterior, sen que afecten á estrutura polo que se entende que son obras de escasa complexidade técnica e que no supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario Proxecto Técnico.

Así mesmo figura no expediente Resolución en sentido favorable emitido pola Deputación Provincial de Lugo de data 14 de novembro de 2018 na que se indican as condicións especiais que deberán cumprirse e que se transcriben literalmente:

*"1.-Se autorizan las obras solicitadas conforme a la documentación presentada en fecha 10/11/2016, RXE. Núm.31364, por resultar a distancia superior a 6 metros del eje de la vía provincial con posible incremento de volumen que no suponga mayor ocupación en planta que la correspondiente a los muros perimetrales de la edificación primitiva, y sin perjuicio de las mayores limitaciones que pudiera exigir la ordenación urbanística vigente.*

*2.-La ejecución de cualesquiera obras (accesos, salvacunetas...) instalaciones (canalizaciones subterráneas, conducciones aéreas...) o cualquier otra actividad (plantación, tala...) no expresamente comprendidas en la presente autorización, situadas a distancia menor a la de afección de la vía provincial, según definición del art. 40 de la Ley 8/2013 de 28 de junio, de carreteras de Galicia y que resulte a 32.- m. del borde del asfaltado, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de solicitud en la que conste la descripción detallada de las características, dimensiones, materiales de la situación actual y distancia al borde exterior de la calzada, así como de las actuaciones que se pretendan realizar.*

*3.-Cualquier instalación provisional (andamios, grúas, vallas, señales...) que pudieran afectar a la zona de dominio público o servidumbre, según definición de los artículos 37,38 y 39 de la Ley 8/2013, de Carreteras de Galicia y que resulte a distancia inferior a 4.- m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de solicitud por el interesado, indicando los metros de frente a la vía provincial y*

*distancia al borde del firme y eje de la carretera así como el plazo previsto de ocupación de la misma.*

*4.-La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias, sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.*

*5.- Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.*

*6.- Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación Provincial el art.9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales,( BOP.258 de 10/11/1995), y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial de bienes de dominio público provincial, (BOP. 261 de 13/11/1998)y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria, en su artículo 62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.*

*7.- Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas, por personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de DOCE (12) MESES, contados a partir de la fecha de la notificación.*

*El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.”*

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catrocentos sesenta e catro euros con corenta e seis céntimos (464,46.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en quince mil catrocentos oitenta e un euros con oitenta e nove céntimos (15.481,89.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**ALTA DE AXUDA NO FOGAR POR DEPENDENCIA DE Dª.DOMINICA GARCÍA CASARIEGO.**



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa á comunicación de alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. DOMINICA GARCÍA CASARIEGO con DNI. núm. 33692783Z, con domicilio en Avelino Montero Villegas núm. 29 da Parroquia de Santa María deste termo, a través do sistema de dependencia de 45 horas/mes a Xunta de Goberno, á vista da comunicación emitida pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. DOMINICA GARCÍA CASARIGO de 45 horas ao mes polo que deberá abonar cento corenta e oito euros con cinco céntimos (148,05) mensualmente o que supón o 12,82% da súa capacidade económica. _

**BAIXA SAF DEPENDENCIA DE D.JOSE DÍAZ GIL.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Visto informe da Traballadora Social de data 10/05/19, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. JOSÉ DÍAZ GIL con D.N.I. nº 33.754065R con domicilio en Pumar de Don núm. 5 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por falecemento do beneficiario, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. José Díaz Gil.

**EMERXENCIA SOCIAL DE ARRANXO VIVENDA DE D.JOSE M. LÓPEZ VIGO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| --- | --- |

Visto o informe técnico-proposta de emerxencia da Traballadora Social do Concello en relación coa situación económica sobrevida de D. José Manuel López Vigo con D.N.I. 77592771V con domicilio en Machuco núm. 7 da Parroquia de San Jorge deste Termo, relativo ao

gasto do arranxo da súa vivenda a cal non lle pode facer fronte, por importe de cento cincuenta e dous euros con trinta e nove céntimos (152,39.-) para abonar a Suministro o Candado S.L., factura núm. 282 19 de data 30/04/19

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Aprobar o gasto relativo a axuda por emerxencia Social, por importe de cento cincuenta e dous euros con tinta e nove céntimos (152,39.-), para o arranxo da vivenda de D. José Manuel López Vigo.

| **Expediente 364/2019. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA LIXO Dª DINA GASTRAZO REGO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 856 de 608/19 subscrita por Dª. DINA GASTRAZO REGO con D.N.I. núm. 35982055G con domicilio en Avelino Montero Villegas núm. 28, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avelino Montero Villegas núm 28 (Santa María), que antes figuraba a nome de Dª. Mª Asunción Rego Pérez para que agora figure a nome de Dª. DINA CASTRAZO REGO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do segundo trimestre de 2019.

| **Expediente 361/2019. SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDOS D. MANUEL MENDEZ FERNÁNDEZ** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude formulada por D. MANUEL MÉNDEZ FERNÁNDEZ con DNI. nº 33767641F, veciño de Avda. de Mondoñedo núm. 13 da Parroquia de Santa María deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da calificación de minusvalía.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas,

debidamente sinalizadas, para o seu uso por persoas con mobilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a tarxeta de estacionamento para minusválidos a D. MANUEL MÉNDEZ FERNÁNDEZ con DNI. nº 33767641F, por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

**Expediente 284/2018. APROBACIÓN PADRÓNS DE IMPOSTOS E TAXAS MUNICIPAIS**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto da orde do día, unha vez vistos pola Xunta de Goberno Local os Padróns que se relacionan seguidamente do exercicio de 2018, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- A aprobación dos padróns seguintes:

a) Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica por importe de cento vinte e nove mil corenta e catro euros con sesenta e catro céntimos 129.044,64.

b) Taxa polo servizo municipal de mercado por importe de dous mil catrocentos sete euros con noventa e tres céntimos (2.407,93.-).

c) Taxa para aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hostaleiros por importe mil cento corenta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (1.144,54.-).

d) Taxa por utilización ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos por importe de catrocentos dezaseis euros con noventa e seis céntimos (416,96.-).

e) Prezo público por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcadoiros, carga e descarga de mercancías de calquera clase por importe de mil cincuenta e un euros con sesenta e cinco céntimos (1.051,65).

SEGUNDO.- A súa exposición ao público a efectos de reclamacións durante un prazo de quince días hábiles, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**Expediente 305/2019. Licencias autoaxi.RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA, TRANSMISIÓN LICENCIA A D. MANUEL BERDIALES**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos Concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDÓU ratificar a Resolución da Alcaldía de data 07/05/2019 que se transcribe:

"Vista a solicitude de cambio de titularidade de licencia de «Auto Turismo» núm. 3 das concedidas por este Concello para adicarse ao Servizo Público de Transporte de Viaxeiros en Automóviles Lixeiros con paradas nesta vila, presentada polo seu titular D. Domingo Barro Pardiño, con NIF núm. 33822683X, domiciliado no lugar de Carlos Peregrín Otero núm 2, Parroquia de Santa María, deste termo e concedida ao seu favor con data 23/12/1991.

Visto que D. Manuel Berdiales García, con NIF. Núm. 76.938.915M, con domicilio en Souto, núm 2, Parroquia de Santa María, manifesta o seu interés en exercela persoal e directamente.

Visto que D. Manuel Berdiales García presentou toda a documentación esixida para levar a cabo o cambio de titularidade solicitado.

Visto o informe favorable do Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, de data 02/05/19 no que se refire ao artigo 17.3 da Lei 4/2013, de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

Esta Alcaldía en virtude das atribucións que lle veñen conferidas pola lexislación vixente, unha vez, examinada toda a documentación presentada en votación ordinaria e por unanimidade

VEN EN RESOLVER:

Primeiro.- Autorizar a D. Domingo Barro Pardiño para que poida realizar a pretendida transmisión a favor de D. Manuel Berdiales García, con NIF. núm. 76.938.915M, da licencia de «Auto Turismo» núm. 3, coas mesmas características que a licencia orixinaria, non podendo este último transmitila de novo senón nos supostos sinalados no artigo 17 da citada Lei.

Segundo.- Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente a presente Resolución.

Terceiro.- A ratificación da presente Resolución pola Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

Mandao e asinao a Sra. Alcaldesa Presidente en Lourenzá a sete de maio de dous mil dezanove."

**Expediente 310/2018. SOLICITUDE COLABORACIÓN "ABRINDO CAMIÑO" XII XORNADAS PEREGRINO**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto escrito D. J. Luís Fernández Ansedes con D.N.I. núm. 33.823.961T en representación da Asociación "ABRINDO CAMIÑO" de Amigos do Camiño Norte de Santiago que tivo entrada neste Concello o 15/05/19 con núm. de rexistro de entrada 1002, quen solicita colaboración para a celebración das XII Xornadas do Peregrino 2019, os días 15, 22, 20 e 30 de xuño de 2019, consistente no copatrocinio dos autocares para o desprazamento dos participantes, a visita guiada ao Mosteiro de San Salvador e ao Centro de Interpretación da Faba e o patrocinio duns pinchos o sábado 22 de xuño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO: Acceder a todo o solicitado.

SEGUNDO: Colaborar economicamente co abono dos transporte na parte proporcional cos outros Concellos que colaboran na celebración das Xornadas.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo a Asocación "Abrindo Camiño" para o seu coñecemento

**Expediente 48/2019. REINTEGRO IBI/2018 ANTIGA CAMARA AGRARIA REF.27027C004007880000DB.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o escrito achegado pola Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, de data 153/04/19, rexistrado de saída co núm.23288, o día 23/04/19, e que tivo entrada nas oficinas municipais o dia 25/04/19, sendo rexistrado co núm.849 e no que se solicita o reintegro da cantidade aboada en concepto de IBI/2018 do inmoble da antiga Cámara Agraria Local de Lourenzá, con referencia catastral 27027C004007880000DB.

O importe de dito recibo ascende a TRESCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (379,66.-).

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la devolución, á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, da cantidade de TRESCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (379,66.-),e que corresponde ao recibo do Imposto de Bens Inmobles de Natureza URBANA/Exercicio 2018 correspondente á parcela da antiga Cámara Agraria Local con referencia catastral 27027C004007880000DB.

Segundo.- O pago farase vía reintegro a través dun pago directo do Concello na conta da Administración autonómica indicada no escrito de referencia e unha vez realizado dito pago, achegarase certificación do presente acordo xunto co o resgardo do ingreso á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**FACTURAS MES DE MAIO**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 09/06/2015, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 28-19 de 31/03/2019 | Caixa fundas para bandos entroido | 9,00 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 29-19 de 31/03/2019 | Material celebración día da Muller | 23,20 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 30-19 de 31/03/2019 | Caixa fundas para biblioteca | 9,00 |
| LIBRERÍA JOSGUA C.B. CIF. E27300680 | Núm. 39-19 de 30/04/2019 | Caixa fundas para torneo baloncesto | 4,00 |
| ELENA VAZQUEZ | Núm. 90 de | Medicamentos | 15,83 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| VALCARCE-FARMACIA NIF.33818024-C | 08/05/2019 | Funcionarios | |
| SISTEM.OFICIN. LUGO S.A. CIF. ESA27142462 | Núm.1902542 de 30/04/2019 | Fotocopias Biblioteca (26/03/19 a 30/04/19). | 56,42 |
| SISTEM.OFICIN. LUGO S.A. CIF. ESA27142462 | Núm.1902555 de 30/04/2019 | Fotocopias S.Sociais (28/03/19 a 30/04/19). | 27,56 |
| SISTEM.OFICIN. LUGO S.A. CIF. ESA27142462 | Núm.1902542 de 30/04/2019 | Fotocopias Oficinas (27/03/19 a 26/04/19). | 189,75 |
| WURTH ESPAÑA,S.A. CIF. A-08472276 | Núm.4042529311 de 23/04/2019 | Material para servizos varios | 190,13 |
| ALM. CELSO MÍGUEZ S.A. CIF. A-36005718 | Núm. AGFN2019007852 de 13/04/2019 | Material pintura para mobiliario exterior. | 156,31 |
| ALM. CELSO MÍGUEZ S.A. CIF. A-36005718 | Núm. AGFN2019009212 de 30/04/2019 | Material pintura para mobiliario exterior. | 108,71 |
| SOILAR GESTIÓN Y SERVICIOS MUSICALES S.L. CIF.B70418090 | Núm. A/56 de 28/04/2019 | Clases Música mes de Abril/19 | 885,00 |
| FUNDACIÓN EU SON CIF.G-27222983 | Núm. 2019-161 DE 30/04/2019 | Pezas cerámicas para Festa do Maio 2019. | 37,51 |
| FARO NORTE COMUNICAC. CARMEN CRUZADO IGLESIAS. NIF. 33321867 | Núm. A0078/19 de 22/04/19 | Campaña publicitaria S. Santa 2019 ( faldóns e cuñas) | 605,00 |
| O LAR DE MANOLO ANGEL EXPÓSITO TEIJO NIF. 33835892V | Núm. 010807 a 010810 de 23/04/2019 | Comidas (4) persoal laboral viaxe Ribadeo literas Torneo baloncesto. | 40,00 |
| DAVID MERELAS FIGUEROA NIF. 47368782Y | Núm. 7 de 06/05/2019 | Espectáculo Mere- cidamente para Festa do | 534,05 |


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Maio/19 | |
| XERFO S.C.<br>CIF. J-27279009 | Núm.A190150 de 25/04/19 | Banderas (2) para concello | 74,00 |
| EMERGAL ENSINO S.L.<br>CIF. B-27497817 | Núm. 2-000016 de 06/04/2019 | Impartición cursos primeiros auxilios pediátricos para persoal P.A.I.(3) | 150,00 |
| CRISTALERÍA RIBADEO S.L.<br>CIF. B-27158751 | Núm. 190432 de 30/04/2019 | Cristal para taboleiro anuncios Santo Adrao. | 15,91 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | Núm. SSPT19106 de 01/05/19 | Servizo “Axuda no Fogar” Abril 2019 ( Domingos e Festivos) Dependencia 150,85 horas | 1.912,03 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | Núm. SSPT19107 de 01/05/19 | Servizo “Axuda no Fogar” Abril 2019 (Incidencias Dependencia) 436,40 horas. | 5.228,07 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE<br>CIF. B27333160 | Núm. SSPT19108 de 01/05/19 | Servizo “Axuda no Fogar” Abril 2019 (Incidencias Libre Concurrencia) 115,50 horas. | 1.463,39 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 27619 de 30/04/2019 | Material Obradoiro | 13,95 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 27719 de 30/04/2019 | Material Carpintería | 143,52 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 27819 de 30/04/2019 | Material para C.E.I.P. Juan Rey | 104,91 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L.<br>NIF.B-27431931 | Núm. 27919 de 30/04/2019 | Material para Torneo Baloncesto | 90,46 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| SUMINIST. O CANDADO,S.L. NIF.B-27431931 | Núm. 28019 de 30/04/2019 | Material para alumeado | 15,85 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L. NIF.B-27431931 | Núm. 28119 de 30/04/2019 | Material para mercado gandeiro | 18,80 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L. NIF.B-27431931 | Núm. 28219 de 30/04/2019 | Material para emerxencia social | 152,39 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L. NIF.B-27431931 | Núm. 28319 de 30/04/2019 | Material persoal prácticas | 28,65 |
| SUMINIST. O CANDADO,S.L. NIF.B-27431931 | Núm. 28419 de 30/04/2019 | Material servizos varios | 158,99 |
| BLINKER ESPAÑA S.A.U. CIF. ESA03813474 | Núm.19NA046741 de 24/04/2019 | Material servizos varios | 90,69 |
| NOCEDA ASESORES, S.L. CIF. B-27174085 | Núm. 1357/19 de 01/05/19 | Honorarios Abril/19 | 650,98 |
| GALP ENERGÍA ESPAÑA S.A.U. CIF. A-28559573 | Núm. 8801216835 de 30/04/2019 | Gasóleo vehículos varios mes Abril | 849,85 |
| TALLERES ODIFER S.L. CIF. B-27020221 | Núm. 25313 de 29/04/2019 | Reparación Nissan Patrol Matrícula LE-AC0229 | 91,96 |
| LUCUS MARKET S.L. UNIPERSONAL CIF. B-15735616 | Núm. TQ2760027 de 26/04/19 | Material Limpeza Carpintería | 6,00 |
| LUCUS MARKET S.L. UNIPERSONAL CIF. B-15735616 | Núm. TQ2760026 de 26/04/19 | Material limpeza Torneo Baloncesto | 8,55 |
| TORVAR S.L.U. CIF. B27044148 | Núm. Emit-624 de 30/04/2019 | Actividades Semana Santa( aluguer vallas e casetas WC ) | 427,74 |
| TERRA BRANCA, | Núm. 000015 DE | Trofeos | 60,00 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| CERAMICA J.RAMÓN LEAL SEGURA NIF.35081082X | 17/04/2019 | Vespafaba Clásicos S.Santa | |
| VENTOSO INSTALACIONES RODRIGO RDGUEZ. RAMOS NIF.34881215J | Núm. 10383 de 13/05/19 | Substitución Alumeado Estrada do Val | 1.684,02 |
| SANEA CONTROL S.L. NIF. B15968308 | Núm. 2019-1205 DE 08/05/2019 | Servizo Control Pragas Centro Saúde | 417,75 |
| NORPREVENCIÓN S.L. CIF. B27222827 | Núm. P15636 de 29/04/2019 | Cuota Fixa Vixiancia Saúde | 1.991,12 |
| CONCELLO DE BARREIROS CIF.P-2700500H | Núm. 435 de 02/05/2019 | Parte proporcional factura Sogos Consulting S.L | 2.904,00 |
| MARÍA JOSE GARCÍA VEIGA NIF.33993964X | 09/05/2019 | Reunión Risga Lugo el 26/04/19 | 26,60 |
| RAMÓN IGLESIAS VENTURA NIF.77593981-P | Abril 2019 de 03/05/19 | Desprazamentos varios Abril 96,50 km. | 18,33 |
| ELITA BRAÑA GARCÍA NIF.33832086Y | Abril 2019 de 09/05/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 500 Km. | 95,00 |
| EULALIA GONCALVES ARAÚJO NIF. X01166446R | Abril 2019 de 09/05/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 698 Km. | 132,62 |
| MARÍA JESÚS BOUSO BARCIA NIF. 33348237-P | Abril 2019 de 09/05/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 402 Km. | 76,38 |
| MARÍA TEIJO LOMBARDERO NIF.77594257-P | Abril 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 502 Km. | 95,38 |
| MARÍA DOLORES PENDAS ESTRADA NIF. 11414372-C | Abril 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 571 Km. | 108,49 |
| **TOTAL** | | | **22.197,5** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Lourenzá**
Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506